

**ACTA DE APERTURA DOS CRITERIOS VALORABLES AUTOMATICAMENTE DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE MELLORA DO VIARIO TRAS DO CABALO E OUTROS. PLAN AGADER 2024-2025.**

**Expediente: GESTDOC 3248/2024**

*Os/As asinantes desta acta declaran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato ao que se fai referencia nesta acta e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores de que un conflito de intereses pode plantexarse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.*

Na Casa do Concello de Ames o día 05.09.2024, reúnese a Mesa de Contratación designada para a contratación mediante **procedemento aberto simplificado abreviado** cun único criterio de valoración (factor prezo) das **obras de mellora do viario Tras do Cabalo e outros. Plan Agader 2024-2025.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Victor M. Fernández Prieto, concelleiro delegado de Administración Xeral.

**Vogais:**

- Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Margarita Fernández Sobrino, interventora municipal.
- Emilio Garrido Moreira, técnico do Departamento de Contratación.

Actúa como **Secretario** do acto José Cabo Nodar, auxiliar administrativo do Departamento de Contratación.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16 de agosto de 2024 aprobou o expediente de licitación das obras de mellora do viario Tras do Cabalo e outros, mediante procedemento aberto simplificado abreviado.

O expediente foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 19 de agosto de 2024 rematando o prazo de presentación de proposicións o 2 de setembro de 2024.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder ao exame e cualificación da documentación administrativa e da oferta económica presentada polos licitadores.

Consta no expediente relación de licitadores presentados emitido pola Plataforma de Contratación do Sector Público.

Presentase á licitación as seguintes empresas:

EMPRESA	CIF
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847
COSMALCA, S.L.	B15121783

EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS S.L.	B15510076
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	B15356090
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829
MANTIDO SL	B15819642
SYR-AMG, S.L.	B15938780

Da documentación administrativa constatase que todas as empresas cumpren co requirido nos pregos de contratación e non teñen ningunha prohibición para contratar.

Na apertura da documentación administrativa, as empresas GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L. e SYR-AMG, S.L., manifestan a súa vinculación. Sobre esta situación, o artigo 86 do RGLCSP dispón:

“1.- A los efectos de lo dispuesto en el artículo 83.3 de la Ley, cuando empresas pertenecientes a un mismo grupo, entendiéndose por tales las que se encuentren en alguno de los supuestos del artículo 42.1 del Código de Comercio, presenten distintas proposiciones para concurrir individualmente a la adjudicación de un contrato, se tomará únicamente, para aplicar el régimen de apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias la oferta más baja, produciéndose la aplicación de los efectos derivados del procedimiento establecido para la apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias, respecto de las restantes ofertas formuladas por las empresas del grupo”.

O orzamento base de licitación é de 21.951,04 euros máis 4.609,72 € de IVE do 21% o que fai un importe total de 26.560,76 euros. As ofertas dos licitadores son as seguintes:

EMPRESA	CIF	Importe oferta (Sen IVE)
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	21.260,33 €
COSMALCA, S.L.	B15121783	21.140,50 €
EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS S.L.	B15510076	21.150,00 €
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922	21.100,00 €
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	21.206,90 €
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	B15356090	21.182,75 €
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829	21.830,21 €
MANTIDO SL	B15819642	21.415,44 €
SYR-AMG, S.L.	B15938780	21.742,42 €

A continuación e tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación procede a valoración das ofertas económicas, a través da fórmula da Deputación da Coruña indicada no PCAP, para ver a posible existencia dunha baixa desproporcionada, tomando como referencia válida das empresas que manifestaron estar vinculadas a oferta máis baixa.

Segundo o cálculo realizado, tendo en conta a oferta máis baixa das empresas que concorren como vinculadas, resulta como límite da oferta temeraria o importe de **21.062, 04 €**, polo que ningunha das nove empresas presentadas incorre en baixa temeraria.

A continuación procédese á realizar a **clasificación de ofertas** das empresas admitidas, a través da aplicación do programa de valoración de ofertas en concursos da Deputación Provincial de A Coruña e segundo o establecido na Lei de contratos do sector público elaborase unha lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

EMPRESA	CIF	Importe oferta (Sen IVE)	PUNTOS
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922	21.100,00 €	22,63
COSMALCA, S.L.	B15121783	21.140,50 €	21,53
EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS S.L.	B15510076	21.150,00 €	21,29
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	B15356090	21.182,75 €	20,42
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	21.206,90 €	19,78
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	21.260,33 €	18,38
MANTIDO SL	B15819642	21.415,44 €	14,23
SYR-AMG, S.L.	B15938780	21.742,42 €	5,54
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829	21.830,21 €	3,21

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no **artigo 159.6 da Lei 9/2017**, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e o artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, procede a elaborar **propuesta de adjudicación** a favor do candidato con mellor puntuación.

EMPRESA	CIF	Importe oferta (Sen IVE)	PUNTOS
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922	21.100,00 €	22,63
COSMALCA, S.L.	B15121783	21.140,50 €	21,53
EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS S.L.	B15510076	21.150,00 €	21,29
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	B15356090	21.182,75 €	20,42
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	21.206,90 €	19,78
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	21.260,33 €	18,38
MANTIDO SL	B15819642	21.415,44 €	14,23
SYR-AMG, S.L.	B15938780	21.742,42 €	5,54
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829	21.830,21 €	3,21

Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado abreviado, e segundo o estipulado no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a continuación consúltase o ROLECE, constatándose que a empresa, EXCAVACIONES POSE S.L. está inscrita no mesmo e non se atopa incurso en prohibicións para contratar. Consta no expediente documentación na que se ratifica que a empresa Excavaciones Pose SL non téñ débedas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria nin coa ATRIGA.

Á vista do anterior e tendo en conta o establecido nos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

**Primeiro.-** Admitir ás empresas que cumpren con todos os requisitos previos establecidos nos pregos:

EMPRESA	CIF	ADMITIDA	VINCULADAS
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	SI	NO
COSMALCA, S.L.	B15121783	SI	NO
EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS S.L.	B15510076	SI	NO
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922	SI	NO
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	SI	NO
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	B15356090	SI	NO
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829	SI	SYR-AMG, S.L.
MANTIDO SL	B15819642	SI	NO
SYR-AMG, S.L.	B15938780	SI	GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.

**Segundo.-** Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de mellora viario en “**Tras do Cabalo e outros**”, incluída no Plan AGADER 2024-2025 á empresa **Excavaciones Pose SL** con CIF: B15626922, no prezo de vinte e un mil cen euros (21.100,00 €), máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de catro mil catrocentos trinta e un euros (4.431,00 €) o que fai un importe total de vinte e cinco mil cincocentos trinta e un euros (25.531,00 €), así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o presidente deu por rematado o acto do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.